

REGULAMENTO I CARREIRA – ANDAINA SOLIDARIA

POLA SAÚDE MENTAL

16/10/2016 NARÓN

Artigo 1. Data e hora da proba

A Asociación AFAES xunto á colaboración da Federación Galega de Atletismo, Clube de Atletismo Narón, Concello de Narón, e outras entidades organizan a **I Carreira- Andaina Solidaria pola Saúde Mental**.

A proba celebrarase o día 16 de outubro de 2016 comezando a tanda de carreiras a partir das 11:00 horas.

Contaremos con espazos para estacionamento nas proximidades



Artigo 2. Participantes

A proba está aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

As categorías serán dende biberóns ata veteráns.

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

Simultaneamente realizarase unha Andaina, aberta a tódolos públicos.

Artigo 3. Percorrido, distancias e horarios

O circuito será sobre superficie mixta e estará pechado a todos os vehículos, salvo os autorizados pola Organización.

O percorrido estará controlado e vixiado pola Policía Local, Protección Civil e coa colaboración da Organización.

Calquera outro tipo de acompañamento está prohibido.

Horarios e distancias:

11:00 Infantís, nados no ano 2004/2003: 2.000m

11:20 Alevíns, nados no ano 2006/2005: 1.000m

11:30 Benxamines, nados no ano 2008/2007: 800m

11:45 Prebenxamins, nados no ano 2010/2009: 100m

12:00 Biberóns, nados no ano 2011: 80m

12:10 Dende categoría cadete, nados no ano 2002/2001 ata veteráns: 5000m

12:10 Andaina 3500m (inmediateamente despois da saída da Carreira absoluta)

Rutómetro da carreira (5 km)



Rutómetro da andaina (3,5 km)



A saída e chegada será á altura do Colexio Ponte de Xubia pola parte do Paseo Marítimo.

Contaremos con baños e vestiarios nas proximidades.

Artigo 4. Condicións de participación

Unha inscrición é válida cando o participante rechee o boletín de inscrición a través da web <http://www.carreirasgalegas.com> e aboa o custo da inscrición.

As inscrición por medio da web pecharanse o xoves 13 de outubro ás 23:59

O mesmo día da proba NON se podrán realizar inscricións.

Os participantes comprométense a:

- Aceptar estrictamente todos os artigos do presente regulamento.
- Aceptar as posibles modificacións da proba e aquelas que a organización se vexa obrigada a efectuar por causas alleas á súa vontade.
- A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición
- A realización da inscrición implica ler, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade, que da participación do evento poidera derivarse tal como perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e o perigo de lesión, á organización, os patrocinadores, directivos, empregados e demais organizadores.
- A organización reserva o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que quedan expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non recollida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

RETIRADAS E DESCALIFICACIÓNS:

O servizo médico da competición está facultado para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da F.G.A. que estarán autorizados a descalificar:

- A todo atleta que non realice o percorrido completo
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible por diante, dobre ou manipule a publicidade, ou o fotocopie.
- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

Artigo 5. Categorías

Biberóns: Nados/as no ano 2011

Prebenxamíns: Nados/as nos anos 2009/2010

Benxamíns: Nados/as nos anos 2007/2008

Alevíns: Nados/as nos anos 2005/2006

Infantís: Nados/as nos anos 2003/2004

Cadetes: Nados/as nos anos 2001/2002

Xuvenís: Nados/as nos anos 1999/2000

Xuniors: Nados/as nos anos 1997/1998

Promesas: Nados/as nos anos 1994/1995/1996

Senior: De 1993 a 34 anos

Veterano/a A: De 35 a 44 anos

Veterano/a B: De 45 a 54 anos

Veterano/a C: De 55 a 64 anos

Veterano/a D: Máis de 65 anos

A partir de veteranos terase en conta a idade o día da carreira.

A organización poderá solicitar documentación, onde conste a data de nacemento dos participantes. A súa non achega, poderá ser motivo de descalificación.

Artigo 6. Custo da inscrición

A Carreira absoluta (dende cadetes ata veteráns)terá un custo de **6€**

As carreiras de menores (biberóns, prebenxamín, benxamín, alevín e infantil)serán gratuitas.

A andaina terá un custo de 4€. Para os menores de 12 anos será gratuita.

Dado o carácter solidario da proba, no momento da inscrición a través da web estará aberto un sistema de aportación de donativos que será voluntaria.

Do mesmo xeito existirá a posibilidade de realizar doacións a través do dorsal 0.

TODOS OS BENEFICIOS DA CARREIRA REVERTIRÁN NA ASOCIACIÓN AFAES PORTA NOVA .

Artigo 7. Retirada de dorsal

As persoas participantes poderán retirar os dorsais o sábado 15 de outubro ou o domingo 16 de outubro nos seguintes lugares:

Sábado 15: Na tenda de Decathlon Ferrol, sito na Estrada San Pedro de Leixa s/n en horario de 10:00 a 21:00

Domingo 16: No lugar da saída, ata 30 minutos antes do comezo de cada proba.

Artigo 8: Trofeos e premios

Todos os corredores inscritos a partir da categoría cadete serán obsequiados cunha camiseta conmemorativa.

Todos os biberóns e prebenxamíns recibirán medalla tras rematar a proba

As tres primeiras persoas clasificadas das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veteráns tanto masculina como feminina, recibirán medalla.

Recibirán trofeo as tres primeiras persoas da clasificación absoluta, homes e mulleres

Será imprescindible a presentación dun documento que acredite a identidade para recoller os premios. Os premios terán o tratamento fiscal conforme á lei.

Haberá sorteo de agasallos varios entre todos os participantes adultos e nenos.

Artigo 9. Apelacións

As reclamacións relativas á clasificación deberán efectuarse verbalmente dentro dos 30 minutos posteriores a facerse públicos os resultados, ante o Xuíz/a Árbitro ou na secretaría da competición, sendo esta persoa a responsable de resolvelas.

Todo o non previsto neste regulamento resolverase conforme ás normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. por esta orde.

Artigo 10. Avituallamientos

Na zona da meta establecerase o avituallamiento final.

Artigo 11. Seguros

Todos os participantes estarán cubertos por una póliza de Responsabilidade Civil, e outra de Accidentes proporcionada pola licenza do día da carreira da Federación Galega de Atletismo (F.G.A.)

A organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida causar un atleta a sí mesmo ou a terceiros.

Artigo 12.

Todos os participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización por sí mesmo ou mediante terceiras entidades, traten informáticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, etc.

De acordó co que establece a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, da protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo por correo electrónico a

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda de Glasgow 13, 15008 A Coruña.